

CONCLUSIÓNS DO RELATORIO SOCIAL:

1. A política social está enfocada á satisfacer as necesidades básicas de subsistencia e a atención socio-sanitaria dos galegos residentes no exterior e de determinados familiares en situación de precariedade económica.
2. Os galegos maiores residentes no exterior son un colectivo especialmente vulnerable aos que se pretende garantir que poidan vivir de maneira digna así como recibir os coidados asistenciais básicos.
3. Un dos obxectivos principais das accións da Xunta de Galicia debe ser paliar as consecuencias que a difícil conxuntura socioeconómica de diferentes países con elevada presenza de galegos residentes pode causar aos seus dereitos fundamentais, minimizando o impacto daquelas realidades para os galegos con menos recursos. Estes países atópanse en maior medida en América central ou del Sur, onde a concentración de poboación galega é moi elevada. De aí a importancia das iniciativas que se levan a cabo neste sentido desde o Goberno galego.
4. Aplicar medidas para asegurar a asistencia a galegos residentes no exterior que por causas sobrevindas se atopan en grave risco de exclusión social, e ofrecerlles respaldo económico a través de aportacións directas a todos aqueles que se atopan en situación de marxinación social, e a todos os que non teñan cobertura sanitaria suficiente e estean en tal grado de enfermidade ou dependencia que sexan incapaces de valerse por si mesmos.
5. Estudar outros modos de concesión das axudas directas que se axusten ás situacións particulares de cada lugar, por exemplo, mediante axudas en especie (medicamentos e outros) ou outros sistemas que permitan entregas fraccionadas ou periódicas.
6. Os emigrantes nados na Galicia territorial e que marcharon a outros destinos por diferentes razóns deben seguir sendo un dos eixos principais da actuación de calquera goberno para cos seus cidadáns do exterior. Nesa



XIII PLENO DO CONSELLO DE **COMUNIDADES GALEGAS**

Ourense, 22 e 23 de setembro de 2023



XUNTA
DE GALICIA

liña, deben reforzarse os programas para manter vivos os vínculos de unión e reencontro coa súa terra dos emigrantes galegos carentes de recursos que residan no exterior.

7. Facilitar o acceso dos emigrantes galegos e os seus descendentes á cobertura sanitaria nas súas viaxes temporais a Galicia, a través das entidades galegas no exterior mais importantes, ás que se dota dos medios para xestionar a tarxeta Galicia Saúde Exterior, constitúe outro obxectivo da política social.
8. Continuar avanzando para flexibilizar os mecanismos de rexistro das solicitudes das axudas nos países nos que se dispoña dos medios electrónicos e telemáticos ou naqueles onde existan causas que imposibiliten a mobilidade dentro do territorio.
9. Impulsar as oficinas de atención social que a Secretaría Xeral da Emigración puxo en marcha en diferentes países do mundo.
10. Reforzar os programas da Consellería de Política Social e Xuventude e a Secretaría Xeral da Emigración, destinados aos mozos do exterior – que serán os protagonistas das vindeiras comunidades galegas – así como, promover o acceso dos mozos retornados a tódolos programas de axudas á xuventude – para sacar o carné de conducir, por exemplo –, de voluntariado, e á Iniciativa Xove, entre outros.
11. Seguir a traballar na defensa dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero.